



MEMORIA RELATIVA AO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL PARA A COLABORACIÓN NA REALIZACIÓN DE TRABALLOS RELACIONADOS COAS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DA BIOMASA PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

A terceira addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, asinada con data 28 de maio de 2020 e publicada pola Resolución do 3 de xuño de 2020 da Consellería do Medio Rural no Diario Oficial de Galicia (DOG) Núm. 114 do 12 de xuño de 2020, establece na súa cláusula primeira, pola que se engade unha nova cláusula Quinta ter ao convenio, que, co obxecto da levar a cabo o desenvolvemento das actuacións tendentes a dotar os concellos cos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais é precisa unha labor de apoio articulada a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A devandita cláusula establece tamén que dado que as devanditas actuacións supoñen unha necesidade de reforzo dos seus recursos humanos para a súa execución se require a sinatura do correspondente acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A través deste acordo de colaboración o IET levará a cabo as seguintes actuacións en relación coas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa:

1. A realización dos traballos de análise da información urbanística dos concellos, as construcións e resto de información necesaria para a xeración das faixas secundarias.
2. A xestión das referencias catastrais afectadas polas faixas secundarias de xestión de biomasa así como os datos básicos de superficies, coa finalidade de xerar os mapas dos concellos coas súas faixas secundarias de xestión de biomasa e as súas





referencias catastrais para incorporar como documentación gráfica aos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais.

3. Facilitar e coordinar a información necesaria para a planificación así como a difusión da información mediante un visor xeográfico.

4. Proporcionar asesoramento para a integración da información facilitada polos Concellos.

5. Facilitar as ferramentas integradas dentro do sistema de información xeográfica corporativa para o desenvolvemento dos traballos.

O importe da achega da Consellería de Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, para levar a cabo as devanditas actuacións ascenderá a un máximo de 141.193,95 euros (CENTRO CORENTA E UN MIL CENTO NOVENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	2020	2021	2022	Total
Importe (€)	47.064,65	47.064,65	47.064,65	141.193,95

Sendo obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, para a súa posterior baixa, na seguinte aplicación orzamentaria do seu orzamento: 14.02.551B.741.14, proxecto 2011 00771.

Posteriormente á formalización do presente acordo, será remitido á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 07 04 541E 430.4, código de proxecto 2015 00208, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, coa correlativa ampliación de crédito nas correspondentes aplicacións do capítulo I, código de proxecto 2016 0001, dos orzamentos do Instituto de Estudos do Territorio (IET) para as anualidades de 2020, 2021 e 2022.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral
de Defensa do Monte

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 996 390
defensadomonte.mediorural@xunta.gal

galicia

Santiago de Compostela
O director xeral de Defensa do Monte

Tomás Fernández-Couto Juanas
Asinado dixitalmente

